

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2020

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e nove de abril de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Councilbox, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Faise constar, igualmente, que das persoas relacionadas anteriormente, asistiron á sesión con carácter presencial, no despacho da Alcaldía municipal, don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía núm. 570/2020, do 28 de abril, que consta do seguinte teor literal:

«Por Resolución desta Alcaldía núm. 433/2020, do 16 de marzo, resolvín a suspensión de todas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos Colexiados municipais (Xunta de Goberno Local, Pleno da Corporación, Comisións Informativas, Xuntas de Voceiros, etc.), agás a Comisión de Seguimento do COVID-19 ou calquera outra que fose preciso celebrar, isto motivado no disposto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE núm. 67 do 14 de marzo), polo que se declara o estado de alarma en todo o país, co fin de xestionar a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Por Resolución desta Alcaldía núm. 448/2020, do 24 de marzo, avoqueei a delegación de atribucións efectuada a prol da Xunta de Goberno Local, dende a data de sinatura desa resolución e ata a finalización do estado de alarma decretado por Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, ou, no seu caso, durante o prazo de vixencia das súas posibles prórrogas.

A disposición final 2 do Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, engadiu un apartado 3 ao artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, do seguinte teor literal:

“3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos Colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a

concorrenza da situación descrita polo alcalde ou presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o seu carácter público ou secreto segundo proceda legalmente en cada caso.

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.”

Tendo en conta o anterior, o Concello de Cambre contratou o uso da plataforma Councilbox, a cal utiliza unha tecnoloxía blockchain que permite deixar evidencia e certificar as sesións que se poidan celebrar, dotando de absoluta trazabilidade e transparencia a toda a información.

Co uso de esta plataforma estanse a cumprir os seguintes requisitos:

- Queda acreditado que os participantes se atopan en territorio español
- Queda acreditada a súa identidade
- Asegura a comunicación en tempo real
- Garante o carácter público ou secreto da sesión, no seu caso
- Garante a seguridade tecnolóxica

De conformidade con todo o anterior, e tralas probas de conexión e funcionamento realizadas durante a semana pasada, **RESOLVO:**

Primeiro: Deixar sen efecto o disposto na Resolución de Alcaldía núm. 448/2020, do 24 de marzo, respecto da avocación de atribucións efectuada a prol da Xunta de Goberno Local, dende a data de sinatura desa resolución e ata a finalización do estado de alarma decretado por Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, ou, no seu caso, durante o prazo de vixencia das súas posibles prórrogas e, polo tanto, delegar novamente na Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, como órgano Colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan, isto segundo o establecido por Resolución desta Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, modificada por Resolución de Alcaldía núm. 1/2020, do 30 de decembro:

“1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local, salvo a concesión do dereito de uso privativo sobre urnas e cinseiros no cemiterio municipal, e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a

normativa vixente atribúe ao órgano de contratación, con excepción das competencias delegadas mediante Resolución desta Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, na concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, respecto da dirección e xestión administrativa da contratación local, as competencias que o artigo 118 da LCSP atribúe ao órgano de contratación na tramitación dos contratos menores, e a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes nos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído.

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.”

Segundo: Aprobar a celebración de sesións extraordinarias da Xunta de Goberno Local e da Xunta de Voceiros, por medios telemáticos, a través da plataforma Councilbox, durante a duración do estado de alarma decretado por Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, así como durante a vixencia das súas prórrogas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar.

Non obstante o anterior, remítase á maior brevidade posible, mediante correo electrónico, tanto aos membros que compoñen a Xunta de Goberno Local, como ao resto de concelleiros e concelleiras que integran a Corporación, isto para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.»

O Sr. alcalde explica que, tal e como consta na resolución de convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente, a urxencia da convocatoria vén xustificada en que:

- Foi remitido a Alcaldía o expediente de contratación núm. 2019/C003/000011, correspondente á adxudicación da obra “Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)”, no que consta escrito da empresa solicitando que non se paralice o procedemento, así como informe da secretaria xeral, de data 20 de abril de 2020, respecto de que non existe inconveniente en continuar coa tramitación deste expediente, isto debido ao interese público en minimizar o impacto na economía provocado pola declaración do estado de alarma, máxime cando ten sido o único licitador presentado e tratarse dunha actividade que non ten sido suspendida polo Real decreto 463/2020.
- Constan pendentes os asuntos incluídos na convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de marzo de 2020, que quedaron pendentes de tratar ao suspenderse a celebración da citada sesión.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de marzo de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

3º.- Boletíns e correspondencia

- Extracto da Resolución número 2020/10970, do 30 de marzo de 2020, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do "programa de subvencións dirixido a agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña de concellos de menos de 50.000 habitantes, para actividades durante o ano 2020". (Boletín Oficial da Provincia número 57, do 3 de abril de 2020).

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, Sección de Educación, Cultura e Deportes da Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa FO9106: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 61, do 17 de abril).

Ao Concello de Cambre concédeselle provisionalmente unha subvención de 15.000 euros cuxo obxecto é o mantemento de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2020.

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, Sección de Educación, Cultura e Deportes da Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa FO206: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de Cultura en 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 61, do 17 de abril).

Ao Concello de Cambre concédeselle provisionalmente unha subvención de 14.700 euros cuxo obxecto é o mantemento de persoal técnico en xestión cultural.

- Resolución do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación provincial da Coruña, que aproba a concesión definitiva de subvencións do programa DP0029, dirixido a concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo, ano 2020.

Ao Concello de Cambre concédeselle unha subvención por importe de 10.973,76 euros en concepto de gastos de persoal das oficinas de turismo 2020.

4º.- Expediente de contratación: Adxudicación da obra "Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da dita obra (Convenio 72/2019, de 9 de outubro), á empresa "Jardinería Arce, S.L.", no prezo ofertado de 28.169,63 euros sen IVE (34.085,25 euros IVE incluído). Expediente núm. 2019/C003/000011

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de abril de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000011 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra "Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da dita obra (Convenio 72/2019, de 9 de outubro), cun orzamento base de licitación de 37.872,50 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta nas Actas da Mesa de Contratación de datas 12 de febreiro e 5 de marzo de 2020, respecto da única oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa

de Contratación designada para o presente expediente con data do 5 de marzo de 2020, a prol do licitador “Jardinería Arce, S.L”, no prezo ofertado de 28.169,63 euros sen IVE (34.085,25 euros IVE incluído), por ser a única entidade presentada e unha vez realizada a valoración da súa oferta en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do arquitecto municipal de data do 13 de marzo de 2020.

Visto que con data do 23 de marzo actual publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público o correspondente anuncio no que se comunicaba que o procedemento de contratación queda temporalmente suspendido, de modo que, unha vez que cese a eficacia do Real Decreto 463/2020 e das súas eventuais prórrogas, se comunicará aos licitadores súa reapertura , a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público.

Visto que se remitiu comunicación ao respecto da suspensión ao licitador, mediante envío telemático efectuado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público coa mesma data do 23 de marzo .

Vistos os informes emitidos pola secretaria xeral da Corporación con datas do 20 e 26 de marzo respectivamente, en relación coa tramitación de procedementos durante o estado de alarma decretado por Real decreto 463/2020 do 14 de marzo.

Visto que con data do 25 de marzo de 2020 presentouse pola empresa “Jardinería Arce, S.L.” un escrito rexistrado de entrada ao nº 20209990000521, no que solicita que non se paralice o procedemento, á vista dos prexuízos que lle suporía e tendo en conta que a empresa ten preparado un protocolo de actuación para actuar na obra ante o COVID-19

Visto o informe favorable á continuidade do procedemento emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data 27 de marzo de 2020, baseado en que se trata dunha obra *“que hai que considerar prioritaria para o concello, dada a importancia que este espazo mantén sobre a zona central de Cambre, onde a partir do mes de xuño se desenvolven a inmensa maioría de actividades de verán e outono, programadas polo área de cultura, e como é facilmente comprensible, si non se inician nestes días as obras para poder finalizalas antes de dita programación, xa non poderán executarse ata pasado o outono”*, polo que informa favorablemente a continuidade do procedemento dado que *“ o desenvolvemento destes traballos non esta prohibido polo decreto que establece o estado de alarma, e o seu adiamento lle causaría un grave prexuízo á empresa adxudicataria”*.

Visto o informe emitido con data do 20 de abril de 2020 pola secretaria xeral da Corporación, respecto á posibilidade de acordar a continuidade da tramitación do procedemento, no que se conclúe que *“non existe inconveniente en continuar coa tramitación do expediente por interese público en minimizar o impacto na economía provocado pola declaración do estado de alarma, máxime cando ten sido o único licitador presentado, e trátase dunha actividade que non ten sido suspendida polo Real decreto 463/2020, isto sen prexuízo de que se faga constar no acordo de adxudicación que o adxudicatario non levará a cabo ningunha actuación mentres non reciba a notificación relativa á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.”*

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 22 de abril de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 111/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 26 de abril actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e mailo disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Continuar coa tramitación do expediente incoado co nº 2019/C003/000011, para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra “Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)”, obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da dita obra (Convenio 72/2019, de 9 de outubro), esto a solicitude do interesado, “Jardinería Arce, S.L.”, segundo escrito presentado con data 25 de marzo de 2020 e número de rexistro 202099900000521, e motivado no interese público que se deriva da prioridade manifestada polo lexislador estatal, e que loxicamente deben asumir o resto das Administracións Públicas, de minimizar o impacto da economía para que, unha vez finalizado o estado de alarma sanitaria, a actividade económica se recupere.

Segundo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 12 de febreiro de 2020, declarar válida a licitación, admitindo nela á única oferta presentada, pola entidade Jardinería Arce S.L., por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente.

Terceiro: Aprobar, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal con data de 20 de febreiro de 2020 que foi ratificado pola Mesa de Contratación segundo consta na Acta da Mesa de Contratación de data 5 de marzo de 2020, a seguinte puntuación obtida pola única entidade licitadora correspondente aos criterios non avaliados mediante fórmulas:

EMPRESA	Fase I
Jardinería Arce, S.L.	19,40

Cuarto: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 5 de marzo de 2020, a seguinte puntuación correspondente á oferta económica e demais criterios evaluables mediante fórmulas, así como o límite para a consideración das ofertas anormalmente baixas, que queda establecido naquelas que sexan inferiores a 23.474,69 euros sen IVE :

EMPRESA	Oferta económica	Puntuación Oferta eca.	Prazo de garantía	Puntuación Prazo garantía	Puntuación total
Jardinería Arce, S.L.	34.085,25 €	23,33	5	25	48,33

Quinto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo mais co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 5 de marzo de 2020, a puntuación global obtida pola única empresa licitadora, en función da oferta presentada, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

EMPRESA	1ª FASE	2ª FASE	TOTAL
Jardinería Arce, S.L.	19,40	48,33	67,73

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 5 de marzo de 2020, adxudicar a obra “Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)”, obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da dita obra (Convenio 72/2019, de 9 de outubro), á empresa “Jardinería Arce, S.L.”, con NIF -----7979 e domicilio en Manuel Murguía 4-6 entresollado -15011 A Coruña, no prezo ofertado de 28.169,63 euros sen IVE (34.085,25 euros IVE incluído), un prazo de garantía de 5 anos e cos compromisos recollidos no Plan de control interno de calidade, programa de traballo e programa de actuación medioambiental ofertados, por ser a

única entidade participante na licitación e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Sétimo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Oitavo: Tendo en conta que non consta a designación da dirección da obra nin da coordinación de seguridade e saúde, tal e como se establece na cláusula 15.7 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, faise constar que o adxudicatario non levará a cabo ningunha actuación mentres non reciba a notificación relativa á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Noveno: Notificar o presente acordo ao único licitador presentado, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade coa Disposición Adicional Terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, os prazos para presentar os recursos correspondentes quedan suspendidos ata que perda vixencia a suspensión, ou as súas posibles prórrogas.

Unha vez sexa levantado o estado de alarma, ou as súas posibles prórrogas, contra o presente acordo , e toda vez que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición , ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo: Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato que se designe, e máis aos departamentos de Urbanismo e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

O señor alcalde informa aos asistentes que procede modificar os apartados oitavo e décimo da proposta, tendo en conta que con data 24 de abril de 2020 ditouse a Resolución núm. 555/2020, na que se adxudicou o contrato menor para prestación do servizo de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras de “Remodelación da Praza de Europa”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, coa modificación dos apartados oitavo e décimo do acordo, quedando redactado o dito acordo tal e como se transcribe a continuación:

Primeiro: Continuar coa tramitación do expediente incoado co nº 2019/C003/000011, para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra “Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)”, obra

financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da dita obra (Convenio 72/2019, de 9 de outubro), esto a solicitude do interesado, "Jardinería Arce, S.L.", segundo escrito presentado con data 25 de marzo de 2020 e número de rexistro 202099900000521, e motivado no interese público que se deriva da prioridade manifestada polo lexislador estatal, e que loxicamente deben asumir o resto das Administracións Públicas, de minimizar o impacto da economía para que, unha vez finalizado o estado de alarma sanitaria, a actividade económica se recupere.

Segundo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 12 de febreiro de 2020, declarar válida a licitación, admitindo nela á única oferta presentada, pola entidade Jardinería Arce S.L., por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente.

Terceiro: Aprobar, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal con data de 20 de febreiro de 2020 que foi ratificado pola Mesa de Contratación segundo consta na Acta da Mesa de Contratación de data 5 de marzo de 2020, a seguinte puntuación obtida pola única entidade licitadora correspondente aos criterios non avaliados mediante fórmulas:

EMPRESA	Fase I
Jardinería Arce, S.L.	19,40

Cuarto: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 5 de marzo de 2020, a seguinte puntuación correspondente á oferta económica e demais criterios avaliados mediante fórmulas, así como o límite para a consideración das ofertas anormalmente baixas, que queda establecido naquelas que sexan inferiores a 23.474,69 euros sen IVE :

EMPRESA	Oferta económica	Puntuación Oferta eca.	Prazo de garantía	Puntuación Prazo garantía	Puntuación total
Jardinería Arce, S.L.	34.085,25 €	23,33	5	25	48,33

Quinto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo mais co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 5 de marzo de 2020, a puntuación global obtida pola única empresa licitadora, en función da oferta presentada, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

EMPRESA	1ª FASE	2º FASE	TOTAL
Jardinería Arce, S.L.	19,40	48,33	67,73

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 5 de marzo de 2020, adxudicar a obra "Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da dita obra (Convenio 72/2019, de 9 de outubro), á empresa "Jardinería Arce, S.L.", con NIF ----7979 e domicilio en Manuel Murguía 4-6 entresollado -15011 A Coruña, no prezo ofertado de 28.169,63 euros sen IVE (34.085,25 euros IVE incluído), un prazo de garantía de 5 anos e cos compromisos recollidos no Plan de control interno de calidade, programa de traballo e programa de actuación medioambiental ofertados, por ser a única entidade participante na licitación e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Sétimo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Oitavo: De conformidade coa Resolución da Alcaldía núm. 555/2020, do 24 de abril, expediente de contrato menor núm. 2020/C002/000054, a dirección de obra e a coordinación de seguridade e saúde da obra correspóndelle a “Carlos Barbeito Bello, arquitecto técnico. Colexiado 1.909 COAATIEAC”.

Desígnase como responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

